

APENDICE.—Outros datos arqueolóxicos e etnográficos do Courel

por FELIPE ARIAS VILAS

Creamos oportuno incluir aquí, como Apéndice ó traballo de conxunto do profesor Alconso del Real, unhas anotacións que, sobre o folklore arqueolóxico do Courel e outras notas etnográficas, temos recollidas a raiz da xeira de prospeccións realizadas en 1977 naquela comarca.

Estas nótulas complementan as consideracións de carácter xeral que preceden, e nelas engádense datos, noticias e descripcións que coidamos útil das a coñecer agora, xa que non se fixo na publicación principal daquela campaña. (Véxase nota 1 en Alonso del Real).

Advírtase que praticamente nos limitamos a transcribir unha parte do que se chama «diario de excavación» (de prospección neste caso), é decir a xeito de recollida de folklore ó uso das vellas catalogacións arqueolóxicas, con independencia de que algunhas cousas poidan ser interpretadas doutra maneira, e que incluimos datos e elementos non directamente relacionados con xacementos pero sí, dalgún modo, de interés etnográfico ou case «sociolóxico» desde o punto de vista cultural.

Castro de Mogoxe ou Megoxe.

Hai coincidencia entre os informantes en que a fortificación do castro (chamada tamén «rodela»), estaba para controlar o paso de Samos, isto é, o camiño vello do Courel ó Mosteiro de Samos que logo subía por detrás de Seoane.

En Mogoxe, (segundo recolle M. Vázquez Seijas en «Las Cuevas del Oso», BCFML, VIII, 1969-70, p. 295), estaría enterrado o príncipe Alfonso, fillo de Fruela, e a súa sepultura gardaría 7 candieiros de 7 brazos de ouro. Pero Alfonso II, o fillo de Fruela, morreu en Oviedo no 842 e enterrouse ali na igrexa de Santa María, onde está o seu sepulcro. Para algúns historiadores ou eruditos, ó morrer Fruela, o neno Alfonso foi levado pola súa nai e os seus incondicionais ó Mosteiro de Samos, fuxindo da persecución de Aurelio e Mauregato. De Samos, para maior seguridade, cs monxes levarían a ccultar nun lugar do Courel: en Mogoxe?, ou, segundo outros, en Carbedo?, contando que existira xa o castelo no século IX.

En todo caso, é curioso o forte folklore de Mogoxe, o mais importante da zona a pesar da relativa pouca importancia que ten como xacemento arqueolóxico. A reservas de millares análises, é posible que o forte recordo de Mogoxe poida proceder desta época altomedieval, cando se soupo que ali estivo o Alfonso II, así como a relación con Samos, presente en todo o alto Lor (Samos e O Courel son concellos veciños), sen dúbida marcada pola importancia social e económica do dito Mosteiro en época medieval e moderna. Neste caso de Mogoxe, perduraría e sobresairía o folklore de orixe medieval e non tanto o propriamente arqueolóxico do castro.

Outras noticias sobre este castro sinalan que nos anos cincuenta, máis ou menos, «pelouse» o castro e un paisano dunha vella fundición atopou

unha plancha de bronce cun xinete con armadura e escudo na parte superior; vendeuna e non se sabe onde foi dar. A noticia non parece moi deformada, pois incluso hai xente que dí que veu a peza...

Castelo de Carbedo.

Ademais do recollido por Alonso del Real, que xa queda ben comentado, arqueolóxicamente destacaríamos a referencia ás dúas etapas de Carbedo: a romana e a moura, así como as pedras con letras («que se deixaron perder»), quizais referíndose a inscripcións romanas?, así como a relación do Carbedo co Monte Cido («destacamentos da fuerza do castillo»), tamén rastreable deica época romana.

Torre do Castro de Sobredo

Un veciño de Sobredo tiña un Libro de Tesouros que, ó que parece, desapareceu hai uns corenta anos. Ten un aparato para encontrar cousas (mineral ou auga), e dí que «traballa ben». Referíndose ó castro, sinala que «había homes que tiñan 14 cuartas e media de alto, e que estaban hastra 9 metros (de profundidade). Pero para que o aparato funcione, «hai que ser zahorí e saber...».

Ferreirós de Abaixo.

Localizouse un sitio alto frente á Torre do Castro de Sobredo, que chamaban o Modorro. Un veciño avisou que alí «non había nada», que era «un corrimiento natural do terreno»; feita a prospección, veuse que efectivamente, pesia ó topónimo Modorro non hai nada arqueolóxico sinalable e só se recolleu algúna escoria moderna.

Anotamos unha casa, á beira do camiño e ó lado dunha pontella, que ten un rótulo deses metálicos feitos en serie con: «Plaza de España n.º 1»: já a única edificación naquel paraxe enclavado case no centro mesmo do Courel!

Ferreirós de Arriba.

Aparte do interés da arquitectura popular nesta aldea, de disposición semellante a Sobredo, unha casa ten na base do muro exterior unha pedra coa inscripción seguinte, grabada con someiras incisións: M.A.ICSToR/Ñ [1936] que un informante dixo que significaba: M(anuel) A(lvarez) I (e) C(on) S(truc)TOR (a)Ñ(o) 1936, e a marca ou signo decorativo dun arboliño: tratábase dun señor que marchou para Cuba («moita xente de aquí foise para Cuba...») e alí fíxose albañil e aprendeu a escribir, facendo a casa e a inscripción cando volveu.

Santestevó.

No castro deste nome (ou da Fonte do Frade, como referencia á capela e necrópole de Santestevó), había ruido de «retumbos» por debaixo, e desaparecera un home cunha parella de mois... (tamén é sitio de obras...).

Miraz.

As sepulturas descobertas ó lado da casa do Savaneto, curioso antropónimo, (diminutivo de Savane ou Seoane), eran «sepulturas dos romanos», (os enterramentos non se atribúen ós mouros). Efectivamente poidera pensarse que fose a necrópole de época galaico-romana do veciño castro de Miraz ou Pena do Castro.

Vilar.

Deixando aparte as historias particulares do primeiro informante ó que se refire Alonso del Real, temos anotada a información do rapaciño da aldea, que vivía e estudaba en Madrid e que conta que alí apareceu un trozo de espada, entrando no castro á dereita. O rapaz que a atopou, deixouna alí e cando volveu por ela xa non estaba.

Tamén ten interés o nome de Aira dos Mouros, para a superficie enlousada ou achaiada sobre a pedra natural que está dentro do castro, nun dos lugares mais inaccesibles, aira ou espacio aberto que efectivamente pode ter unha grande antigüidade.

Asimesmo, o segundo informante de Vilar, alcumado de «tonto», conta que antes ían alí a ver tecer unha vella que estaba no castro sempre «tece, tece, tece...», cunha repetición continua como tratando de aproximarse á unha onomatopeia do tecido.

Antes de entrar no castro, e ó lado dunha rústica capeliña de pizarra e madeira, unha pedra cun lado plano e vertical ten un texto feito con pintura verde que é adicatoria dun veciño de Vilar que emigrou a Bos Aires e que, ó volver, tratárono ben na aldea, e cando marchou a morrer aló, deixou este recordo para os seus conveciños:

11-AGOSTO 1961
 nació LORENZO RAMOS
 en VILAR 1893
 ESTA-PLACA-INMORTAL
 DE PURA PIEDRA —NATURAL—
 se la DEDDICO ABAJO . ERROR
 A mis BUENOS
 VECINOS ¡RALTEICO !
 POR LA ATEnCION
 ¡ADIOS!

O «BAJO ERROR» do lado derecho debe ser indudable referencia á palabra só'ta de abaxo, sen sentido aparente, ou ben ó n desplazado na palabra ATENCION.

Hai no lugar un grande respeto polo autor do texto e pola pedra mesma que deixou escrita.

Mostaz.

M. Vázquez Seijas (en BCPML, cit.) recolle que os veciños de Mostaz e Ferrería Vella dín que en Mostaz hai covas «con dibujos de cerdos en el techo» y varias galerías, así como outras covas «llamadas del Convento» (outra vez Samos, supoñemos). Algún informante, semiculto e con lecturas non ben asimiladas, do propio Seoane insiste nestes datos, pero as prospeccións non deron, polo menos de momento, ningún resultado.

Castro Romeor.

Nunha beira do mesmo castro, na leira de Os Pitoucos, apareceron hai anos, «panteoes con nichos de lousas», documentándose tamén casoupas circulares onde «aparecían olas». A primeira é unha boa descripción de sepulturas de pedra de pizarra de época tardorromana ou posterior.

Castro de Brío.

As pedras ou penedíños fincados no chan, formando «chevaux de frise» naturais ou artificiais, xa as recolle o propio folklore decindo, e adiviñando por certo, que eran para «defenderse da caballería».

Outros xacementos coureliáns teñen tamén o seu folklore arqueolóxico ou elementos etnográficos de certo interés, pero xa dentro das características normais para todo o pais galego, agás as particularidades que para o conxunto do Courel sinala Alonso del Real, e nos que, polo tanto, xa non cómpre insistirmos aquí.